

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

RIBEIRA

Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de bolsas a deportistas de elite non profesionais. Exercicio 2009

1. OBXECTO.

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións a deportistas de elite non profesionais que, despois de acreditar unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición, de acordo todo elo cos principios de obxectividade, concorrencia competitiva e publicidade.

2.- ORZAMENTO.

O Concello de Riveira dispón das seguintes contías orzamentarias para destinar a esta convocatoria:

- Partida.- 452A. 489.04.- 6.000 €.

A contía individual das subvencións non poderá exceder dos 1.500 €.

3.- DESTINATARIOS.

Poderán optar a estas subvencións as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter condición de deportista na práctica dalgunha disciplina olímpica.
- Non pertencer as categorías veteranos ou máster.
- Estar empadroadado no Concello de Riveira, como mínimo, dende xaneiro do ano 2007.
- Posuír licenza federativa en vigor, expedida pola federación deportiva correspondente.
- Estar o corrente cas obrigas fiscais con Concello de Riveira, así como cas obrigas ca Axencia Tributaria e a Seguridade Social.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1.- Lugar de presentación.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Riveira, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.2.- Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes é de quince días, contado desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.3.- Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegar a seguinte documentación, de acordo cos modelos que figuran como anexos ás presentes bases:

Anexo I.	MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.
Anexo II.	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE.
Anexo III.	DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA NA QUE SE EFECTUARÁ O INGRESO DA SUBVENCIÓN.

Xunto cos anteriores anexos, deberá achegarse igualmente:

- Currículo deportivo, expedido ou conformado polo club ao que pertenza o solicitante, ou pola federación correspondente.
- Fotocopia compulsada da licenza federativa, que deberá estar vixente á data de presentación da solicitude.
- En caso de que o beneficiario sexa menor de idade, deberá aportarse igualmente copia compulsada do libro de familia.